

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 23.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Proposicións non de lei en Comisión

- 1.1 7162 (10/PNC-000738)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa toma de decisións dende a Administración europea referidas ao sector da pesca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017
- 1.2 9045 (10/PNC-000949)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a introdución de modificacións no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar co fin de incrementar o coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores, percebeiros e recolletores de algas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017
- 1.3 9579 (10/PNC-001002)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dun programa específico de rexeneración da ameixa fina para todas as rías galegas, de xeito que se poida reverter a tendencia negativa da súa produción nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017
- 1.4 9606 (10/PNC-001006)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre o apoio pola Xunta de Galicia ao proxecto "Crecemento azul", desenvolvido pola Autoridade Portuaria de Vigo, baseado no crecemento sustentable dos sectores marítimo-pesqueiros e portuario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017
- 1.5 9866 (10/PNC-001025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de estudo e recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas, adoptando medidas económicas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa

mortalidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

- 1.6 9885 (10/PNC-001028)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de
Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente en relación co peche da
pesqueira da cigala na zona VIIIc e o seu impacto para a frota de arrastre galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017
- 1.7 9900 (10/PNC-001030)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en
relación co peche da pesqueira da cigala na zona VIIIc e a súa incidencia para a
frota galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017
- 1.8 10183 (10/PNC-001053)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das medidas precisas para diminuír
o número de verteduras contaminantes na ría de Muros e Noia, co fin de acadar o
seu saneamento integral, como máximo, para o ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2017

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 19/06/2017 13:20:51

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7162(10/PNC-000738)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa toma de decisións dende a Administración europea referidas ao sector da pesca

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8^a, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos:

Hoxe en día son moitas as decisións que afectan ao sector da pesca que son tomadas dende a Administración Europea. A Política Pesqueira Común en base ao principios de estabilidade relativa recolle os TACs e cotas para cada ano, o novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca que busca unha pesca sostible, a diversificación das economías costeiras, o apoio a proxectos que xeren emprego no mar e a mellora na calidade de vida nas costas, ou tamén os regulamentos de medidas técnicas así como o de recollida de datos e control, a normativa de seguridade de a bordo, etc. Son todas estas políticas que se adoptan no seo das institucións europeas e que afectan directamente aos intereses da economía pesqueira.

Por todo o dito, dende este Grupo Parlamentario consideramos fundamental que exista unha estreita relación entre o centro decisorio e a realidade do sector. Por iso, o Partido Popular organizou a primeiros de decembro unha visita a Bruxelas cunha comitiva de 20 representantes da pesca galega co obxectivo de establecer unha reciprocidade entre sector e institucións, de xeito que por unha banda, os representantes coñeceran o entabado de órganos europeos onde se adoptan as medidas, e por outra banda, expoñer ante a UE as necesidades do sector.

Gracias a esta viaxe, se mantiveron contactos co director xeral da DG Mare na Comisión Europea, Joao Aguiar Machado, se visitou o Comité das Rexións onde foron recibidos polo director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, recibiron información de diferentes eurodeputados no Parlamento



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 13:15
Nº Rexistro: 7162
Data envío: 28/03/2017 13:15:07.358

Europeo, onde tamén tiveron ocasión de asistir á unha reunión da Comisión de Pesca, e por último, acudiron á sede da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, onde asistiron a unha mesa de traballo sobre a defensa dos intereses pesqueiros no proceso europeo de toma de decisións.

Conscientes da necesidade e da oportunidade que se presenta para o sector neste tipo de visitas organizadas, xa sexa por este grupo parlamentario, tal e como foi neste caso, como pola propia Consellería do Mar, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover contactos co marco decisorio en Bruxelas, da man do sector, para que se poida exercer como unha única voz e de xeito organizado nos momentos previos á toma de decisións que afecta á pesca, como por exemplo nas negociacións dos TACs e cotas para cada ano ou no proceso de elaboración dun regulamento que afecte ao sector pesqueiro galego”.

Santiago de Compostela, 28 de Marzo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/03/2017 13:12:33

Carlos Enrique López Crespo na data 28/03/2017 13:12:58

María Ángeles García Míguez na data 28/03/2017 13:13:12

Teresa Egerique Mosquera na data 28/03/2017 13:13:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 13:15
Nº Rexistro: 7162
Data envío: 28/03/2017 13:15:07.358

María Soraya Salorio Porral na data 28/03/2017 13:13:37

Alberto Pazos Couñago na data 28/03/2017 13:13:48

Marta Rodríguez Arias na data 28/03/2017 13:14:02

Daniel Vega Pérez na data 28/03/2017 13:14:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 9045(10/PNC-000949)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a introdución de modificacións no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar co fin de incrementar o coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores, percebeiros e recolledores de algas

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 13:38
Nº Rexistro: 9045
Data envío: 12/05/2017 13:38:31.796



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Os/as mariscadores/as, percebeiros/as e recolledores/as de algas son un colectivo incluído no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar (RETM) como traballadores por conta propia (BOE 22 de outubro de 2015).

A efectos da cotización e posterior xubilación, este sector vese afectado por un coeficiente redutor de 0,10. Este coeficiente vén sendo un obxecto de debate por parte dos/as traballadores/as do marisqueo e derivados, pois se realiza un efecto comparativo con outros colectivos afectados por outros factores redutores, como outros/as traballadores/as en embarcacións de pesca ou da Mariña Mercante, que poden chegar ao 0,40.

O Real decreto 1561/1995 do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales establece unha serie de criterios para delimitar cales son os traballos excepcionalmente penosos, perigosos, insalubres ou tóxicos. Nesta liña, o traballo de extracción de marisco padece condicións laborais difíciles, sometido a humidade e permanencia na auga durante horas, castigando o corpo no traballo esforzado de recollida e baixo condicións climatolóxicas difíciles en moitos dos casos, o que se alíña co sinalado no dito real decreto como *exposición a frío*, ou *exposición a excesiva carga física*. É por isto que a consideración de penosidade deste labor está máis que xustificada, e polo que o coeficiente corrector pode ser considerado menor do merecido.

O colectivo de mariscadores/as diminuíu en grande número nos últimos tempos, reducíndose de aproximadamente 6500 ata menos de 4000 nos últimos 15 anos, o que amosa un problema estrutural relacionado coa

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

calidade e a produtividade do traballo no mar. Non entanto é imprescindible garantir as mellores condicións posibles para garantir a continuidade dun sector fundamental para a eido económico de Galicia, tanto de maneira directa como indirecta.

Pola consideración dunha necesidade de establecer un sistema equilibrado no que corresponde á seguridade social, e ponderar esta necesidade co recoñecemento da penosidade do traballo do apromarisqueo, é preciso revisar o modelo no que afecta a este sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que modifique o Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar nas cuestións de:

a) Incrementar o coeficiente redutor aplicado a mariscadores/as, percebeiros/as e recolledores/as de algas a un 0,15.

b) Estudar a viabilidade dun sistema de tramos de acollemento voluntario que permita aos e ás traballadores/as optar por un incremento da súa cotización para así, de maneira correlacional, aumentar o seu coeficiente redutor.

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 13:38
Nº Rexistro: 9045
Data envío: 12/05/2017 13:38:31.796



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 13:19:51

María Dolores Toja Suárez na data 12/05/2017 13:19:56

Noela Blanco Rodríguez na data 12/05/2017 13:20:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/05/2017 13:21:02

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 9579(10/PNC-001002)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dun programa específico de rexeneración da ameixa fina para todas as rías galegas, de xeito que se poida reverter a tendencia negativa da súa produción nos últimos anos

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 12:48
Nº Rexistro: 9579
Data envío: 29/05/2017 12:48:06.071



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 8.ª**, relativa á situación da ameixa fina nas rías galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moi poucas persoas poden negar que o sector marisqueiro galego é moi importante na nosa terra. Milleiros de familias galegas dependen do mar, e o futuro do mesmo pasa precisamente por vender produtos de gran calidade, que compitan nos mercados nacional e internacional polo seu valor engadido e non polo prezo. É necesario polo tanto, que as administracións públicas desenvolvan políticas encamiñadas a protexer e impulsar os produtos máis exclusivos das nosas rías, como por exemplo a ameixa fina.

A ameixa fina é un produto 100% galego, recoñecido pola súa calidade entre os consumidores. So debemos ver, por exemplo, o prezo que existe actualmente nas lonxas galegas entre a ameixa fina e a ameixa xapónica. Se a segunda págase aproximadamente entre 6/10€ kg, a fina multiplica ese prezo por tres, ata chegar aos 20/50€ kg. Falamos polo tanto de un produto de máxima calidade, pero un produto tamén que ven reducindo a súa produción nos últimos sete anos. Se no ano 2009 recolléronse nas rías galegas 826 mil Kg de ameixa fina, no ano pasado esa cifra reduciuse ata os 379 mil Kg, é dicir unha diminución do 54,11%, sendo esta ademais unha tendencia negativa na práctica totalidade das rías galegas.

As causas deste descenso aínda non están moi claras, nos inicios chegouse a afirmar que este tipo de ameixa, moito máis delicada por exemplo que a



xapónica, morría polo calor. Despois segundo varios biólogos achacábano ao estrés, porque despois de desovar a ameixa estrésase e morre.

A Xunta de Galicia, en cooperación con outras administracións, debe potenciar bivalvos como a ameixa fina, para conseguir así que os produtos galegos do mar sexan recoñecidos nos mercados pola súa calidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que desenvolva un programa específico de rexeneración da ameixa fina para todas as rías galega, de forma que se poida reverter a tendencia negativa dos últimos anos.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga,

Asdo.: José Merlo Lorenzo

Voceira s. do G.P. de En Marea. Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 29/05/2017 12:46:39



Juan José Merlo Lorenzo na data 29/05/2017 12:47:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 12:48
Nº Rexistro: 9579
Data envío: 29/05/2017 12:48:06.071



Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 9606(10/PNC-001006)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre o apoio pola Xunta de Galicia ao proxecto "Crecemento azul", desenvolvido pola Autoridade Portuaria de Vigo, baseado no crecemento sustentable dos sectores marítimo-pesqueiros e portuario

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 10:49
Nº Rexistro: 9606
Data envío: 30/05/2017 10:49:29.893

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos:

Blue Growth é unha estratexia a longo prazo establecida pola Directorate General for Maritime Affairs and Fisheries da Unión Europea (DG MARE) para apoiar o crecemento sustentable dos sectores mariño e marítimo, e recoñecer a importancia dos mares e dos océanos como motores da economía europea, polo seu gran potencial para a innovación e o crecemento.

Esta estratexia consta de tres compoñentes que son os seguintes: as medidas específicas da Política Marítima Integrada, as estratexias para o crecemento sustentable tendo en conta os factores de carácter local e, por último, actuacións específicas nos ámbitos da acuicultura, o turismo costeiro, a biotecnoloxía mariña, a enerxía oceánica e a explotación mineira dos fondos mariños.

No referente a Galicia, esta iniciativa comunitaria *Blue Growth* foi proposta pola Consellería do Mar á Autoridade Portuaria de Vigo no ano 2016 para que liderase unha experiencia piloto. O Porto de Vigo asumiu esa proposta coa idea de se converter nun centro innovador, conectado, verde e inclusivo.

Grazas ao “Crecemento Azul”, Vigo pretende ser un porto verde que promova a conservación e protección do medio marítimo costeiro no cal se impulsen prácticas responsables dos recursos naturais e a eficiencia enerxética; un porto innovador integrado nun ecosistema do coñecemento, transferencia e emprendemento, apostando polo I+D+I; un porto conectado, co reforzo de infraestruturas de transporte marítimas e intermodais, de procesos industriais e loxísticos dixitalizados, promovendo a eficiencia na administración, e por último, un porto inclusivo, enfocado nas persoas, de modo que se xeren novos empregos.

En definitiva, o “Crecemento azul” constitúe un conglomerado de medidas que contribuirán á mellora e ao futuro deste porto, que ademais conta dende o pasado mes

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 10:49
Nº Rexistro: 9606
Data envío: 30/05/2017 10:49:29.893

de abril co apoio do goberno central logo da sinatura da adhesión a esta iniciativa por medio do secretario xeral de Pesca, Alberto López-Asenjo, xusto cando se cumpre un ano da súa posta en marcha.

Por todas estas razóns dende o Grupo Parlamentario Popular cremos na necesidade de poñer en valor estas iniciativas e por iso sometemos a debate a seguinte **Proposición Non de Lei en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir apoiando a estratexia “Crecemento Azul” desenvolvida pola Autoridade Portuaria de Vigo para acadar os obxectivos deste ambicioso proxecto pioneiro baseado no crecemento sustentable dos sectores marítimo-pesqueiros e portuario”.

Santiago Compostela, 30 de maio de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/05/2017 10:47:04

Carlos Enrique López Crespo na data 30/05/2017 10:47:23

María Ángeles García Míguez na data 30/05/2017 10:47:37

Teresa Egerique Mosquera na data 30/05/2017 10:47:46

María Soraya Salorio Porral na data 30/05/2017 10:48:03

Alberto Pazos Couñago na data 30/05/2017 10:48:12

Marta Rodríguez Arias na data 30/05/2017 10:48:24

Daniel Vega Pérez na data 30/05/2017 10:48:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 9866(10/PNC-001025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de estudo e recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas, adoptando medidas económicas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 16:44
Nº Rexistro: 9866
Data envío: 01/06/2017 16:44:29.720

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de desenvolver unha estratexia de estudo e recuperación das poboacións de berberechos nas rías galegas e adoptando medidas económicas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortalidade deste molusco.

A problemática da mortalidade do berberecho arrando no ano 2012, cando as capturas de berberecho alcanzaron unha caída histórica na ría de Arousa, 350.067 Kg, a máis baixa dende o ano 1997, en que se rexistran os datos de extracción. Dende entón @s mariscador@s de Arousa teñen pasado por un auténtico calvario. Unha situación de auténtica angustia pola perda de recurso que contrasta coa parsimonia da Consellaría do Mar na investigación das causas e na adopción de medidas para minorar as consecuencias ao sector extractivo. De feito parecía que o berberecho se ía recuperando de forma natural, sen que Consellaría teña aportado ningunha medida de control, nin de prevención. A día de hoxe non sabemos de ningunha medida para impedir que a Marteilia chegue a outras rías e incluso se ten dado o caso de que os furtivos teñen levado os escasos ensaios.

Estes días volve ser noticia a mortalidade do berberecho e por parte da Consellaría transcende que segue facendo analíticas, sen que se teña avaliado dita situación se ten que ver co proceso de evolución da Marteilia ou si pola contra se



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 16:44
Nº Rexistro: 9866
Data envío: 01/06/2017 16:44:29.720

produce por acontecementos extraordinarios de temperatura, salinidade ou contaminación.

Pero o significativo é que unha vez máis son as propias confrarías as que definen as súas estratexias. Unhas apostando por extraer a maior cantidade antes de que morra, outros prefiren “secalo” canto ante e outros prefiren seguir a estela da consellaría de que semella que vai ser un ano bo e acaba converténdose nun “ano horribilis”.

Neste contexto faise necesario, saber do seguimento da evolución do proceso da marteilia, da situación das diferentes rías e das consecuencias que vai ter para o sector e sobre todo das medidas que está adaptando a Consellaría para combater a mortalidade e sobre todo para que esta nova crise non teña repercusión nos ingresos d@s mariscador@s.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver de inmediato unha estratexia de estudo e recuperación das poboacións de berberechos nas rías galegas, adoptando medidas económicas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortalidade deste molusco.”

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 16:44
Nº Rexistro: 9866
Data envío: 01/06/2017 16:44:29.720

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/06/2017 16:36:22

Noa Presas Bergantiños na data 01/06/2017 16:36:27

Olalla Rodil Fernández na data 01/06/2017 16:36:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/06/2017 16:36:34

Xosé Luis Bará Torres na data 01/06/2017 16:36:38

Ana Pontón Mondelo na data 01/06/2017 16:36:40

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 9885(10/PNC-001028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente en relación co peche da pesqueira da cigala na zona VIIIC e o seu impacto para a frota de arrastre galega

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 17:55
Nº Rexistro: 9885
Data envío: 01/06/2017 17:55:26.839

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para a apertura da pesquería da cigala.

Representantes da flota de arrastre de litoral reuníronso co Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego para trasladarnos unha serie de demandas en relación co camiño a seguir nas negociacións para tratar de reabrir a pesquería da cigala na zona VIIIc.

A decisión, dentro dos TAC e cotas establecidos para 2017, dun TAC cero para a cigala na zona VIIIc ten sido considerado como un contratempo e un elemento pernicioso por parte da frota galega de arrastre. Amais, este TAC cero acompáñase da proposta de reeditar o peche para 2018 e 2019.

Visto o impacto que ten para a nosa flota por ser capturas accesorias de gran valor e as dificultades para realizar unha pesquería parcial en termos prácticos sen afectar á súa captura, e tendo en conta que esta especie podería ser descartada adecuadamente grazas a que aguanta fóra do seu ecosistema en tempo prolongado, o sector, coa colaboración de técnicos do IEO e da Consellería do Mar emitiron un informe no que, unha vez recadados os datos socioeconómicos e biolóxicos, constataron que existen cigala no caladoiro e que se aprecian sinais de recuperación deste recurso



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 17:55
Nº Rexistro: 9885
Data envío: 01/06/2017 17:55:26.839

O dato definitivo de que a cigala non estaría tan mal como o sinalan os científicos do ICES é que, na unidade funcional 25, unha das dúas onde a capturan os barcos galegos, elevaron do 1,45 % do ano 2015 ao 3,78 % do 2016 a porcentaxe sobre os desembarcos totais. Tamén se incrementou a captura por unidade de esforzo e se no 2015 era de 6,46 quilos por hora, no 2016 subiu a 10,81. Resulta que incluso pescaron máis aqueles que non se dirixen á especie (0,27 kilos fronte aos 0,18 do 2015).

Con todos estes datos, os armadores aseguran que é posible pescar cigala en Galicia e no resto da zona VIIIc como se facía antes do 2012 —no que o TAC aprobado era de 91 toneladas— sen que a pesquería se resentise.

Todas estas conclusións foron trasladadas por medio deste informe ao propio ICES nun encontro que tivo lugar o 5 de maio para que se proceda á apertura da zona VIIIc, e no que se suxeriu realizar unha análise en profundidade sobre a cigala da unidade funcional 25 que teña en conta as tendencias históricas, os aspectos biolóxicos e os socioeconómicos.

Por último cómpre sinalar que o devandito acordo foi sinalado como conclusións extraídas no tratamento do asunto por parte do sector galego de arrastre de litoral, representado na Comisión correspondente do Consello Galego de Pesca.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego asume as reivindicacións que nos foron trasladadas e por esa razón presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente co obxecto de que, ante a situación



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 17:55
Nº Rexistro: 9885
Data envío: 01/06/2017 17:55:26.839

de peche da pesquería de cigala na zona VIIIc que afecta a mais de 60 buques de arrastre de Galicia, adopte as seguintes medidas:

1. Solicitar unha reavaliación do stock da cigala tanto na zona VIIIc e na zona IXa, esta última en augas de Galicia.
2. Solicitar a realización dun estudio específico por parte do IEO tal e como se está levando a cabo en augas do Golfo de Cádiz.
3. Solicitar a apertura da pesqueira da cigala na zona VIIIc, e, subsidiariamente, na unidade funcional 25, xa que non é factible esperar ao ano 2019, ano en que o ICES ten previsto avaliar de novo a situación da cigala.”

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 17:55
Nº Rexistro: 9885
Data envío: 01/06/2017 17:55:26.839

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/06/2017 17:03:25

Noa Presas Bergantiños na data 01/06/2017 17:03:37

Olalla Rodil Fernández na data 01/06/2017 17:03:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/06/2017 17:03:45

Xosé Luis Bará Torres na data 01/06/2017 17:03:48

Ana Pontón Mondelo na data 01/06/2017 17:03:53

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 9900(10/PNC-001030)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación co peche da pesqueira da cigala
na zona VIIIC e a súa incidencia para a frota galega

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 9900
Data envío: 01/06/2017 19:06:42.878



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Representantes da flota de arrastre de litoral veñen de reunirse con todos os grupos parlamentarios da Cámara galega que acordaron presentar unha serie de demandas en relación co camiño a seguir nas negociacións para tratar de reabrir a pesquería da cigala na zona VIIIc.

A decisión, dentro dos TAC e cotas establecidos para o ano 2017, dun TAC cero para a cigala na zona VIIIc foi considerado como un contratempo e un elemento pernicioso por parte da frota galega de arrastre. Amais, este TAC cero acompáñase da proposta de reeditar o peche para 2018 e 2019.

Visto o impacto que ten para a nosa flota por ser capturas accesorias de gran valor e as dificultades para realizar unha pesquería parcial en termos prácticos sen afectar á súa captura, e tendo en conta que esta especie podería ser descartada adecuadamente grazas a que aguanta fóra do seu ecosistema en tempo prolongado, o sector, coa colaboración de técnicos do IEO (Instituto Español de Oceanografía) e da Consellería do Mar emitiron un informe no que, unha vez recadados os datos socioeconómicos e biolóxicos, constataron que existe cigala no caladoiro e que se aprecian sinais de recuperación deste recurso

O dato definitivo de que a cigala non estaría tan mal como o sinalan os científicos do ICES (International council for the exploration of the sea) é que, na unidade funcional 25, unha das dúas onde a capturan os barcos galegos, elevaron do 1,45 % do ano 2015 ao 3,78 % do 2016 a porcentaxe sobre os desembarcos totais. Tamén se incrementou a captura por unidade de esforzo e se no 2015 era de 6,46 quilos por hora, no 2016 subiu a 10,81. Resulta que incluso pescaron máis aqueles que non se dirixen á especie (0,27 quilos fronte aos 0,18 do 2015).



Grupo Parlamentario

Con todos estes datos, os armadores aseguran que é posible pescar cigala en Galicia e no resto da zona VIIIc como se facía antes do ano 2012 —no que o TAC aprobado era de 91 toneladas— sen que a pesquería se resentise.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Todas estas conclusións foron trasladadas por medio deste informe ao propio ICES nun encontro que tivo lugar o 5 de maio para que se proceda á apertura da zona VIIIc, e no que se suxeriu realizar unha análise en profundidade sobre a cigala da unidade funcional 25 que teña en conta as tendencias históricas, os aspectos biolóxicos e os socioeconómicos.

Por último cómpre sinalar que o devandito acordo foi sinalado como conclusións extraídas no tratamento do asunto por parte do sector galego de arrastre de litoral, representado na comisión correspondente do Consello Galego de Pesca

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno central e solicitarlle que, ante a situación de peche da pesquería de cigala na zona VIIIc que afecta a máis de 60 buques de arrastre de Galicia, adopte as seguintes medidas:

1ª) Unha reavaliación do *stock* da cigala, tanto na zona VIIIc e na zona IXa, esta última en augas de Galicia.

2ª) A realización dun estudio específico por parte do IEO tal e como se está levando a cabo en augas do Golfo de Cádiz.

3ª) A apertura da pesqueira da cigala na zona VIIIc, e, subsidiariamente, na unidade funcional 25, xa que non é factible esperar ao ano 2019, ano en que o ICES ten previsto avaliar de novo a situación da cigala.

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 9900
Data envío: 01/06/2017 19:06:42.878



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 01/06/2017 19:03:18

Julio Torrado Quintela na data 01/06/2017 19:03:33

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/06/2017 19:03:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 23.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 10183(10/PNC-001053)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das medidas precisas para diminuír o número de verteduras contaminantes na ría de Muros e Noia, co fin de acadar o seu saneamento integral, como máximo, para o ano 2020

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2017 18:15
Nº Rexistro: 10183
Data envío: 07/06/2017 18:15:50.796



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga e do seu deputado Juan José Merlo Lorenzo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a**, relativa ao saneamento da Ría de Muros-Noia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do mar é clave para milleiros de familias en Galicia, xa que máis de 20.000 galegos e galegas viven del. Un sector que a pesar de ser fundamental para o futuro da nosa terra, leva tempo pasando por horas moi baixas, xa que dende que goberna o Partido Popular na Xunta de Galicia desapareceron o 14% dos postos de traballo relacionados co mar, onde, ademais, queda demostrado que se mantén unha tendencia negativa e progresiva durante os últimos anos, o que representa un motivo de alarma. O progresivo deterioro que vive o sector, vén motivado, entre outras cuestións, pola calidade das augas das rías. O número de verquidos existentes nas nosas costas, poñen en perigo a supervivencia do sustento de moitos galegos e galegas.

A comezos deste ano, a Ría de Muros-Noia tiña catalogados máis de 50 verquidos contaminantes, sendo esta cifra idéntica á que se rexistrou doce meses antes. Presenciamos polo tanto, que entre os anos 2016 e 2017 a situación non mellorou nada, mostrando ademais que as administracións públicas non fan nada para revertir esta situación. Os concellos que máis puntos contaminantes teñen son os de Muros e Noia.

A importancia da pesca e o marisqueo na Ría de Muros-Noia queda patente no número de mariñeiros e mariscadoras que actualmente traballan nela, xa que se



estima que esta cifra está entornada ás 3500 persoas. Ademais, debemos ter presente, e segundo datos da propia Consellería do Mar, que existen máis de 600 embarcacións rexistradas na ría, das cales o 90% están relacionadas con artes menores, o que nos demostra que nos atopamos ante un sector que emprega a familias enteiras non a grandes multinacionais. Por outro lado, e sendo máis específicos durante o ano 2016, existían 476 permisos de marisqueo a pé na ría, unha cifra que se viu reducida nun 9% nos últimos nove anos.

Polo exposto, presentamos a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que acometa, con carácter urxente, as medidas precisas para reducir o número de verquidos contaminantes na ría de Muros e Noia, co obxectivo de conseguir o saneamento integral da ría como máximo para o ano 2020.”

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017.

Asdo.: Carme Santos Queiruga,

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. do G.P. de En Marea.

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 07/06/2017 18:14:22

Juan José Merlo Lorenzo na data 07/06/2017 18:14:34